

Resolución do 16 de xullo de 2010, da Dirección de Recursos Humanos, relativa á publicación de puntuacións definitivas, conclusión da fase de oposición e a apertura do prazo da fase de concurso do proceso selectivo para ingreso na especialidade de facultativo/a especialista de área de psiquiatría.

Abre o prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución, para que estes aspirantes presenten a documentación acreditativa dos méritos que aleguen nos seguintes lugares:

- a) Na Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade.
- b) Na Dirección de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- c) Nas xefaturas territoriais de Sanidade dos departamentos territoriais da Xunta de Galicia.
- d) Nas direccións provinciais do Servizo Galego de Saúde.
- e) Nos servizos de persoal dos centros ou complexos hospitalarios do Servizo Galego de Saúde.
- f) Nos servizos de persoal das xerencias de Atención Primaria do Servizo Galego de Saúde.
- g) A través de calquera dos procedementos do artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro,

modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os méritos alegados nesta fase de concurso entenderanse referidos como máximo ata o día 28 de xaneiro de 2007.

Todos/as os/as aspirantes que superaran a fase de oposición deberán achegar obrigatoriamente fotocopia compulsada do seu DNI e fotocopia compulsada do título exixido para o ingreso na correspondente categoría. Ademais, os/as que accedan polas quendas de promoción interna e de discapacitados deberán achegar, ademais da documentación anterior, orixinal ou certificación compulsada acreditativa, segundo os requisitos descritos nos puntos 2 e 3 da base segunda da respectiva convocatoria.

* [Puntuacións definitivas.](#)